



ASUNTO: Información detallada de concesión de subvención.

Expediente: PR521A – 2010 - 15230

Solicitante: CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES – CIF/NIF G36805158

Título: PRESENZA E MANTEMENTO DA IMAXE NA REDE DE REDES

Con data 20 de outubro de 2010 a secretaria xeral ditou resolución de concesión ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (Procedemento administrativo PR521A)), nos seguintes termos:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. As empresas indicadas no anexo desta resolución presentaron solicitudes de axuda dentro do prazo establecido na Resolución do 15 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (Procedemento administrativo PR521A).
2. Previa acreditación do cumprimento de todos os requisitos previstos na convocatoria e nas bases reguladoras para a súa concesión, de conformidade co disposto no artigo 9 das ditas bases, as solicitudes foron valoradas pola comisión de valoración constituída ao efecto seguindo os criterios establecidos no artigo 10º proponendo a concesión de subvención, ata esgotar o crédito dispoñible, aos solicitantes e para as finalidades, importes e porcentaxes indicados nos Anexo á presente resolución.
3. Con data 20 de outubro de 2010 a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica resolve ampliar ata o 30 de novembro de 2010 (inclusive) o prazo para a execución e xustificación dos investimentos que foron obxecto de subvención, ao abeiro da citada Resolución do 15 de xuño de 2010 para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1. A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica é o órgano competente para resolver de conformidade co disposto no artigo 7º das bases reguladoras da convocatoria.
2. Segundo o disposto no artigo 1.2 das bases reguladoras da convocatoria: “O procedemento de concesión destas subvencións tramitarse en réxime de concorrencia competitiva”.
3. Segundo o disposto no artigo 1.3 das bases reguladoras da convocatoria: “As actuacións desta convocatoria fináncianse coa participación do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, en virtude da Adenda 2009 ao convenio marco de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de distintos programas propostos no ámbito



do Plan Avanza, asinada o 28 de setembro de 2009. As actuacións de difusión dirixidas á cidadanía están financiadas parcialmente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Plan operativo Feder Galicia 2007-2013, polo que este réxime de subvencións quedará suxeito aos regulamentos (CE) 1080/2006 (DOUE do 31 de xullo), 1083/2006 DOUE do 31 de xullo) e 1828/2006 (DOUE do 15 d febreiro de 2007) relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.”

Vista a Resolución do 15 de xuño de 2010 relativa ao procedemento PR521A; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e demais normativa vixente de aplicación

PROPOÑO:

1. Conceder as subvencións para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polos importes e porcentaxes que figuran no Anexo desta resolución, e por unha contía total de 998.838,33 €.
2. Aprobar o compromiso de gasto de exercicio corrente polos importes indicados no Anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 40.70.571-A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.
3. Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia da relación de expedientes incluídos no Anexo que resultaron beneficiarios da subvención.
4. Sen prexuízo do establecido na convocatoria, esta axuda queda sometida ás seguintes condicións:
 - Os investimentos e pagamentos deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2010, ambas datas incluídas.
 - Cada expediente deberá xustificarse polas actuacións subvencionables recollidas nesta resolución e serán considerados individualmente sen que caiba compensación dunhas actuacións a outras. Os modelos de documentos para a xustificación do proxectos, que deberá empregarse para facilitar a revisión da documentación xustificativa, estarán dispoñibles no taboleiro electrónico a partir do 2 de novembro de 2010.
 - Calquera modificación dos investimentos subvencionables ou dos prazos recollidos no proxecto inicial, así como calquera outra circunstancia técnica que varíe o proxecto inicial, coa conformidade expresa desta Secretaría Xeral, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 14º das bases reguladoras da convocatoria.
 - Toda referencia en calquera medio de difusión ao citado proxecto e aos logros acadados



deberá incluír que este foi obxecto de axuda pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

- Con carácter xeral, agás o recollido no apartado seguinte, todos os proxectos dispoñen de financiación con cargo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en virtude da Adenda 2009 ao convenio marco de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de distintos programas propostos no ámbito do Plan Avanza, asinada o 28 de setembro de 2009, polo que estes beneficiarios quedan suxeito ás obrigas de información e publicidade estenderase tamén á presenza do logotipo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ao mesmo nivel e nas mesmas condicións que o exigido para a Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 16 i) das bases reguladoras da convocatoria.

Este beneficiarios non dispoñen de financiación con cargo aos fondo FEDER, polo que non se lles aplica as obrigas de publicidade de ditos fondos FEDER recollidos no apartado seguinte.

- Particularmente se identifica no anexo á presente resolución aqueles proxectos que dispoñen de financiación con cargo aos fondos FEDER. Nestes casos darase cumprimento ao Regulamento (CE) 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) da Comisión, de 8 de decembro de 2006 que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposición xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e infórmase que no financiamento da axuda concedida participa a Unión Europea, a través do Fondo de Desenvolvemento Rexional, cunha porcentaxe do 80%, polo que os beneficiarios queda suxeito ás obrigas establecidas nas citadas normas en materia de información e publicidade, de acordo co disposto no artigo 16 i) das bases reguladoras da convocatoria. Este beneficiarios non dispoñen de financiación con cargo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

- O beneficiario ven obrigado a comunicar ao órgano concedente todas as axudas solicitadas e as concedidas para a execución do mesmo investimento. Así mesmo, é obriga do beneficiario manter as condicións do investimento de que se trate, ou o emprego ligado a este, durante un período mínimo de cinco anos, así como non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

E no Anexo á devandita resolución de concesión recóllense os seguintes datos referentes á solicitude:

Expte.PR521A-	NIF	Razón social
2010-15230	G36805158	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES
Finalidade (Título do proxecto)		
PRESENZA E MANTENIMENTO DA IMAXE NA REDE DE REDES		
Investimento subvencionable 2010	% Subvención concedida	Subvención concedida 2010
3.600,00	85,00%	3.060,00



Os investimentos desagregados para o proxecto concedido para o ano 2010, con indicación dos elementos considerados subvencionables e non subvencionables, de acordo cos requisitos establecidos na convocatoria, son os seguintes:

Concepto investimento	Provedor externo ou persoal propio	Contía investimento	Subvencionable
Docentes	SD WEB	2.400,00 €	SI
Materiais	SD WEB	1.200,00 €	SI

Expediente: PR521A - 2010- 15230

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto no artigo 46 en relación co 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan utilizar calquera outro que estimen pertinente e oportuno.

NOTA:

O presente documento está realizado coa información dispoñible na resolución citada e a revisión da documentación realizada polo órgano instrutor. No caso de dúbida ou necesidade de información poderá dirixirse a esta Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información a través do teléfono 981 54 55 83, do correo electrónico sxmit.axudas@xunta.es, ou mesmo presencialmente no Edificio Administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.